



## CONCELLO DE SANTIAGO

### INFORME TÉCNICO-MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONTRATO

**Título:** Servizo de mediación de riscos e seguros do Concello de Santiago de Compostela

**Tipo de contrato:** Contrato Baseado no acordo Marco para a prestación do servizo de mediación de riscos e seguros da central de Contratación da FEMP

#### NECESIDADE DO CONTRATO

Este concello ten subscrito un contrato de mediación de seguros privados que rematará o día 11 de xullo de 2018.

A necesidade que se pretende satisfacer co presente contrato é a de contar co asesoramento especializado previo á celebración de contratos de seguros, así como a xestión, e execución de ditos contratos, en particular no caso de sinistro. Así mesmo preténdese dispoñer dun asesoramento nas esixencias de seguros aos empresarios cos que contrata o concello, co obxecto de garantir unha xestión global do risco.

Por iso faise evidente a necesidade de contar cun servizo de mediación de riscos e seguros que preste asistencia no desenvolvemneto dos traballos previos á celebración dos contratos de seguro e asesore na definición de cada unha das pólizas que estimen necesarias.

#### IDONEIDADE DO PROCEDIMENTO QUE SE PROPÓN

A selección deste servizo evita que o concello inicie un novo procedemento aberto, concurso público, xa que as condicións que rexerán o seu acordo coa correduría de riscos e seguros, xa quedaron reguladas nos pregos da licitación e no Acordo Marco subscrito pola Central de Contratación da FEMP.

As entidades Locais interesadas poden facelo directamente co adxudicatario a través da plataforma da Central de Contratación por medio da figura do Contrato Baseado, previo expediente no que figure como mínimo, unha memoria-informe xustificativo, e a resolución correspondente.

A central de Contratación ofrece un servizo permanente, tanto para o uso da plataforma informática que xestioná os contratos, como na resolución de calquera consulta sobre a tramitación e execución dos contratos.

#### PROCEDIMENTO: CONTRATO BASEADO NO ACORDO MARCO

-Adhesión á central de Contratación da FEMP: de conformidade co acordo plenario do 7 de novembro de 2014, o Concello de Santiago de Compostela adheríuse á Central de Contratación da FEMP, que se constitúe coma un sistema de racionalización da contratación ao servizo das súas entidades locais asociadas.



## CONCELLO DE SANTIAGO

-A FEMP, a través da súa Central de Contratación, ten licitado en beneficio dos seus asociados o servizo de mediación de riscos e seguros mediante un Acordo Marco cun único adxudicatario e 6 lotes xeográficos, en base a uns pregos de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) e a uns Pregos de Prescripcións Técnicas (PPT). A axudicación tivo lugar o 9/12/2016, téndose formalizado o Acordo Marco o 16/01/2017.

-Na referida licitación a FEMP observou todos os requisitos e procedementos esixibles á contratación das Administracións Públicas.

-O acordo Marco ten unha vixencia de 24 meses, máis unha posible prórroga de 12 meses máis, polo que na actualidade se atopa en vigor.

-Ao fío do citado Acordo Marco, este concello pode subscribir o correspondente Contrato Baseado coa empresa adxudicataria, que comprenderá todos os servizos referidos no Acordo Marco, nas condicións fixadas no PCAP e no PPT.

-O obxecto do Contrato Baseado comprenderá o asesoramento técnico especializado para a cobertura e xestión dos riscos que afectan ás Entidades Locais, a adecuación dos riscos ás pólizas que se contraten e a posterior asistencia na tramitación de incidencias, reclamacións e danos que se produzcan durante a súa vixencia.

-De conformidade co artigo 198 do Real Decreto 3/2011, do 14 de novembro, que aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, en adiante TRLCSP, este concello pode levar a cabo a contratación do servizo a través da suscrición dun Acordo Marco coa adxudicataria, sen que se estime preciso efectuar unha consulta con esta para completar a oferta, ao considerar que dita oferta é suficientemente detallada.

### RETRIBUCIÓN DO CONTRATISTA

A retribución do contratista virá fixada pola comisión sobre a prima que perciba das correspondentes compañías de seguros, derivadas das pólizas que contrate o concello, e en todo caso, aboarase pola entidade aseguradora, sen que derive gasto ou custo ningún para o concello. Tampouco lle xera ao concello dereito ningún, nin obriga de tipo económico, polo que non é preceptiva a elaboración dun informe de fiscalización, nin retención de crédito.

-Oferta económica realizada ao Lote 1: 7% de comisión.

### VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

Cálculo: Calcúlase sobre a media aritmética de primas concertadas polo concello nos dous anos anteriores á que se lle aplicará a porcentaxe de comisión fixada pola adxudicataria (7%), multiplicándose dita cantidade polo número de anos de duración do Contrato Baseado, incluídas a prórrogas.

RAMO	Media Primas (2016 e 2017)	7%
Vehículos	25.388,26	1.777,17
RC e RP	70.520,99	4.936,46
Accidentes	10.789,23	755,24

Total: 14.937,74 euros

#### DURACIÓN DO CONTRATO BASEADO

1 ano, prorrogable por 1 ano máis.

#### REVISIÓN DE PREZOS E GARANTÍAS

-Revisión de prezos: Non

-Garantías: Non se establecen, xa que tanto na Cláusula 14 do PCAP como na Disposición 9 do Acordo Marco se prevé que a garantía constituída polo adxudicatario responde dos incumplimentos dos Contratos Baseados.

#### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

PRIMEIRO: O procedemento de adxudicación realizouse de conformidade co disposto no Acordo Marco para a prestación dun servizo de Mediación de Riscos e Seguros e nos PCAP e PPT que rexeron a licitación, trala adhesión por parte do Concello de Santiago de Compostela á Central de Contratación, segundo o Acordo plenario do 7 de novembro de 2014.

SEGUNDO: A execución e resolución do contrato supedítase ao disposto: no Acordo Marco para a prestación dun servizo de Mediación de Riscos e Seguros, nos PCAP e PPT que rexeron a licitación deste acordo, no TRLCSP, no Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector público, e en canto non se opoña, ao sinalado no Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, que aproba o Regulamento Xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas, RXCAP.

Así mesmo será de aplicación ao Acordo Marco e aos Contratos Baseados nel, a normativa sectorial vixente en cada momento, en especial:

- Lei 26/2006, de 17 de xullo de Mediación de Seguros e Reaseguros privados
- Lei 50/1980, do 8 de outubro, de Contrato de Seguro
- Real Decreto Legislativo 6/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Ordenación e Supervisión dos seguros privados
- Lei 30/1995, do 8 de novembro, de Seguros Privados
- A parte que subsiste vixente do Real Decreto 2486/1998, do 20 de novembro, que aproba o Regulamento de Ordenación e Supervisión de Seguros Privados (tralo Real Decreto 1060/2015, do 10 de novembro) e demáis disposicións de desenvolvemento e de dereito privado de xeral e concordante aplicación.



## CONCELLO DE SANTIAGO

Asemade, á presente contratación tamén lle resulta de aplicación a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter Persoal e o Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 15/1999, do 13 de decembro.

TERCEIRO: O órgano de contratación é a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda apartado 4 do TRLCSP.

A vista do todo exposto, formúlase a seguinte:

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

Realizar os trámites establecidos na plataforma da Central de Contratación da FEMP co fin de adxudicar, o Contrato Baseado para a mediación dos riscos e seguros do Concello de Santiago de Compostela á adxudicataria do lote nº 1 do procedemento de licitación nº 04/2016 seguido pola Central de Contratación da FEMP, **WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS E REASEGUROS S.A.**, con suxeición ás condicións previstas no Acordo Marco, así como ao disposto nos PCAP e nos PPT da citada contratación.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2018

Asdo. A xefa do servizo de asesoría xurídica,

Asdo. M<sup>a</sup> Luisa Prego de Oliver López

Conforme, O Director da asesoría Xurídica,

Asdo. Xaquín Monteagudo Romero

